

2013/
2014

PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS, COORDINADOS DESDE A BIBLIOTECA (PLAN LIA)



ÍNDICE.

1.INTRODUCCIÓN	3
1.1Xustificación.	3
1.1.Calendario de realización.....	3
1.2.Alumnado e profesorado participante.....	4
1.3.Organización.....	5
1.4.Referencia aos contidos curriculares e ás competencias básicas.....	5
2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.	9
3. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	9
4. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.....	9
5. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.....	11
6. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.....	11
7. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	11
8. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS.....	12
9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO.....	12

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Xustificación.

O noso centro está situado na localidade de Aldán, unha parroquia do municipio de Cangas do Morrazo (Pontevedra). Esta localidade é a que está situada a maior distancia do núcleo urbano de Cangas, o que condiciona en gran medida a súa vida social, económica e cultural, influíndo esta circunstancia na vida cotiá do noso alumnado.

O recinto escolar conta cun total de 16.000 m² repartidos entre edificios e patios exteriores (pista deportiva, pavillón, xardíns, charca, horta ...).

Ao finalizar o curso escolar 2012/2013 recibimos a visita dun afeccionado ao mundo da botánica, o que fixo espertar o noso interese por coñecer as especies vexetais que habitan no contorno do noso centro. A necesidade de catalogar as especies arbóreas presentes no noso recinto, e o interese por dar a coñecer a toda a comunidade educativa a nosa riqueza botánica fixo que o tema escollido para traballar, investigar e experimentar durante este curso 2013/2014 fosen **as plantas**.

1.2. Calendario de realización.

As plantas foi un proxecto anual, que se desenvolveu ao longo de todo o curso académico 2013/2014. O que nos permitiu un estudo das diferentes especies presentes do noso contorno durante as catro estacións: outono, inverno, primavera e, en menor medida, o verán. Tendo tamén a posibilidade de ver todo o proceso de desenvolvemento das plantas, desde a súa xerminación ata a recolección do froito.

TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES:

- PRIMEIRO TRIMESTRE:
 - Espiñeiriña, a mascota da biblioteca, presenta un desafío a todo o alumnado enviando unha carta a cada titoría na que se especifica a misión a levar a cabo. Exposición permanente dos libros de botánica (5.8 cor verde). Empeza a investigación.
 - Necesitamos información: exploramos pola provincia. Saída educativa ao Centro de Experimentación Agroforestal (pazo de Lourizán), onde se atopa a escola de capataces forestais.
 - Espiñeiriña agasállanos cun libro de arte moi especial e propón ao alumnado de educación infantil e 1º ciclo de primaria un xogo de pistas: a caza do tesouro; a arte nas plantas. Arcimboldo.
 - Chega o outono, a paisaxe cambia, celebramos o Magosto. Desde a biblioteca pídese a colaboración de toda a comunidade educativa para recoller información sobre ditos, tradicións e costumes desta época do ano.
 - Compartimos experiencias; os alumnos de infantil participan en Etwinning no proxecto “Little farmers”, trátase dun proxecto europeo no que están involucrados ademais de España, Grecia, Eslovaquia, Portugal e Romanía.

- **SEGUNDO TRIMESTRE:**

- Danza de Aldán: Galanes e madamas visitan o noso colexio para divulgar entre o noso alumnado esta danza ancestral.
- Unhas misteriosas sementes aparecen nas nosas aulas enviadas por Espiñeira. Plantamos viveiros e indagamos sobre as características destes seres vivos.
- Etwinning ponse en marcha comezan a chegar caixas doutros países, investigamos e experimentamos.
- Cos coidados axeitados as nosas sementes medran, as transplantamos á horta.
- Plantamos os nosos amorodos.
- O recuncho da ciencia: Experimentamos tinguindo camisetas con tinguiduras vexetais e variamos a cor de flores con colorantes alimenticios.
- Taller de reciclaxe de botellas de plástico.
- Celebramos o Entroido, especies botánicas desfilan polo noso pobo.
- Gravamos nun estudo de gravación as cancións tradicionais: Os Maios e o Canto de Reis.
- Cada curso, visita a biblioteca e empeza a documentarse para poder identificar e clasificar as árbores do noso contorno.

- **TERCEIRO TRIMESTRE:**

- Visitamos as froitarías da praza de abastos do noso concello.
- Feira da froita.
- Participamos no correflingua.
- Celebramos os Maios. Intercambiamos información con outros colexios da provincia.
- Saídas educativas de fin de curso: Granxa escola Kiriko (infantil e primeiro ciclo) Allariz, festival dos xardíns (segundo e terceiro ciclo)
- Charla sobre plantas medicinais e aromáticas (Proxecto Voz Natura)
- Colocamos os carteis informativos de cada árbore e o roteiro.
- Coa información recollida das distintas aulas, elabórase un libro- árbore que pasa a formar parte dos fondos da nosa biblioteca.
- Facemos a recolleita dos froitos e verduras da nosa horta.
- Celebramos a festa de final de curso con diversas actuacións por parte do alumnado a toda a comunidade educativa.

1.3. Alumnado e profesorado participante.

Para o desenvolvemento deste proxecto participou todo o profesorado e todo o alumnado do centro.

- Laura Antón Vilariño . Titora de 4º e 5º de E. Infantil e coordinadora de E. Infantil.
- Leticia Verde Otero. Titora de 5º e 6º de E. Infantil.
- Belén Álvarez Díaz. Titora de 1º de E. Primaria e coordinadora do primeiro ciclo.
- Amalia López Martínez. Titora de 2º de E. Primaria e coordinadora do Equipo de Biblioteca.
- Benito Diz Ave. Titor de 3º e 4º de E. Primaria e coordinador do 2º ciclo.
- Lorenzo González Baceiredo. Titor de 5º de E. Primaria .

- M^a Puerto Fernández Guance. Titora de 6º de E. Primaria e coordinadora do 3º ciclo de E. Primaria.
- Soledad Trillo Nodar. Especialista en lingua estranxeira (Inglés) e coordinadora de actividades complementarias e extraescolares.
- Xurxo Boubeta García, especialista en E.F. e coordinador de EDLG.
- Alfonso Marcos Fandiño, especialista en Educación Musical e director do centro.
- David Vázquez Vilas, especialista en Relixión e Moral católica e coordinador de TIC.
- Emilio Taboada Valladares, especialista en PT.
- Diana Gil Ave, especialista en PT e secretaria do centro.

1.4. Organización.

Tendo en conta as peculiares características do noso centro (somos un centro pequeno, con grupos mixtos en infantil e no segundo ciclo de primaria) fai posible que a relación entre os diferentes equipos sexa constante , por iso, no desenvolvemento deste proxecto participaron todos os órganos de coordinación docente coordinados desde a biblioteca.

Cada actividade do proxecto foi iniciada desde a biblioteca e presentada ao alumnado a través da nosa mascota: Espiñeiraña, ben mediante boletíns informativos a toda a comunidade educativa, ben mediante cartas dirixidas ao alumnado distribuíndo o traballo do proxecto ou propoñendo diferentes retos.

1.5. Referencia aos obxectivos, contidos curriculares e ás competencias básicas.

Traballáronse contidos de todas as áreas do currículo segundo o Decreto 130/2007 do 28 de xuño. Co desenvolvemento deste proxecto pretendemos acadar os seguintes obxectivos en relación coas competencias básicas.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	COMPETENCIAS BÁSICAS
Promover a colaboración de todas as persoas da comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto anual do centro.	- Participación da comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto anual do centro.	Competencia social e cidadá. Competencia cultural e artística. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
Coñecer o aproveitamento, orixe, hábitat, características, ciclo vital e coidado básico das nosas plantas.	- Coidado básico das nosas plantas: aproveitamento, orixe, hábitat, características e ciclo vital.	Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Competencia en comunicación lingüística. Autonomía e iniciativa persoal.
Utilizar a biblioteca como lugar de investigación.	- Utilización da biblioteca como punto de referencia para a investigación.	Tratamento da información e competencia dixital. Competencia en comunicación lingüística. Autonomía e iniciativa persoal. Competencia para aprender a aprender.
Aprender a traballar en equipo.	- Valoración da importancia do intercambio comunicativo no grupo, da participación activa na aula e recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas.	Competencia social e cidadá. Competencia para aprender a aprender.
Incentivar a produción de traballos seguindo o método e rigor científico.	- Elaboración de traballos seguindo o método e rigor científico.	Competencia matemática. Autonomía e iniciativa persoal. Competencia para aprender a aprender. Tratamento da información e competencia dixital.
Utilizar diferentes soportes para a investigación.	- Utilización de diferentes soportes, das TIC e doutras fontes para recoller información sobre as plantas.	Tratamento da información e competencia dixital. Competencia en comunicación lingüística. Autonomía e iniciativa persoal. Competencia para aprender a aprender.
Valorar os beneficios que as plantas lle proporcionan á saúde, ao benestar humano e ao medio.	- Valoración dos beneficios das plantas para o ser humano.	Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Competencia social e cidadá.
Explorar as diferentes manifestacións artísticas a través de materiais naturais na representación das catro estacións de Arcimboldo.	- Exploración das diferentes útiles e técnicas artísticas a través de materiais naturais na representación das catro estacións de Arcimboldo.	Competencia cultural e artística. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Competencia en comunicación lingüística. Competencia para aprender a aprender. Competencia social e cidadá. Competencia matemática.

		Autonomía e iniciativa persoal.
Ampliar a curiosidade e o afán por aprender.	- Interese por aprender.	Autonomía e iniciativa persoal. Competencia para aprender a aprender.
Situarse e orientarse no espazo.	- Utilización guiada de planos e mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios interpretando as lendas e os signos convencionais máis habituais.	Competencia matemática. Autonomía e iniciativa persoal. Competencia en comunicación lingüística.
Promover intercambios con outros centros da Comunidade Autónoma e con outros centros doutros países europeos.	- Identificación das raíces propias e dos trazos da cultura participación en festas xogos e costumes populares propios de Galicia e interese pola súa conservación. Uso de diferentes fontes de información para coñecer características elementais dos países europeos.	Competencia social e cidadá. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
Ampliar o vocabulario propio relacionado coas plantas.	- Utilización dun vocabulario rigoroso e científico relacionado coas plantas.	Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Competencia en comunicación lingüística. Tratamento da información e competencia dixital.
Valorar os beneficios das plantas.	- Valoración da importancia das plantas para as persoas. A agricultura. Estudo dalgún cultivo típico de Aldán.	Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Competencia social e cidadá.
Ampliar o campo de coñecemento para comprender o mundo que nos rodea.	- Identificación das manifestacións culturais do contorno.	Competencia social e cidadá. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
Promover a agricultura sostible e ecolóxica.	- Valoración de actuacións que contribúen a conservación do medio e a sustentabilidade.	Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Tratamento da información e competencia dixital.
Interpretar gráficos e lendas.	- Utilización guiada de planos e mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios interpretando as lendas e os signos convencionais máis habituais.	Competencia matemática. Tratamento da información e competencia dixital. Competencia en comunicación lingüística.

	- Recollida e rexistro de datos utilizando técnicas elementais de enquisas, de observación e medición.	
Aprender a reciclar.	- Identificación dos diferentes tipos de residuos. Recoñecemento do sistemas de redución, reutilización e reciclaxe.	Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Competencia cultural e artística. Competencia para aprender a aprender. Competencia social e cidadá.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

No curso 2012/2013 recibimos a visita de varias persoas interesadas nas especies botánicas que temos no noso recinto escolar. Recoñecéronse máis de trinta especies diferentes ás que identificaron co seu nome científico. Isto fixo espertar o interese de Espiñeiriña en dar a coñecer a toda a comunidade educativa a variedade botánica do noso centro. É por iso que neste curso a temática proposta para traballar, investigar e experimentar foi: As plantas.

3. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O tema das plantas foi tratado desde varios enfoques:

- **Documentación** por medio da cal, o noso alumnado puido recoller información sobre o tema a tratar: características, ciclo vital, alimentación, reprodución e desenvolvemento das plantas.
- **Investigación** común para todo o alumnado do centro consistente nunha labor de investigación e posterior catalogación das especies arbóreas presentes no noso contorno
- **Experimentación** por medio das cales o noso alumnado puido levar á práctica os coñecementos adquiridos.

Desde a biblioteca procurouse relacionar todas as actividades propostas con todas as áreas do currículo como se puido apreciar no apartado anterior desta memoria.

4. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

- As nosas árbores. Desde a Biblioteca, Espiñeiriña reparte as distintas especies arbóreas e propón ao longo do curso distintos retos para desenvolver o proxecto.

Na biblioteca faise unha selección dos libros de botánica (5.8 da nosa CDU) para unha exposición permanente, para a hora de ler e para as mochilas viaxeiras; propiciando deste xeito a investigación e a recollida de información por parte do noso alumnado. Cada titor tivo liberdade para desenvolver esta parte do proxecto da forma que mellor se adaptaba aos seus alumnos.

Coa información recollida, elaborouse unha ficha modelo que despois editouse como serigrafía para colocar a carón de cada árbore, así mesmo, elaborouse unha ruta de sendeirismo por todo o noso recinto.

Posteriormente, desde o equipo de biblioteca, editouse un libro de produción propia con forma de árbore no que se recolle toda a información recompilada polas distintas titorías das especies investigadas.

- Procuramos información: Saída cultural a Lourizán.
Todo o alumnado realizou unha visita ao centro de experimentación agroforestal de Lourizán.

A gran variedade de especies arbóreas, arbustivas e herbáceas que alberga esta superficie fai que teña un gran valor pedagóxico e sexa unha visita obrigada para a investigación do noso proxecto.

Esta experiencia permitiunos experimentar, investigar e comparar distintas especies autóctonas e foráneas.

- As plantas e as nosas tradicións: O Magosto.
No mes de outubro, desde a Biblioteca, Espiñeiriña, enviou a toda a comunidade educativa o seu primeiro tríptico, entre as actividades propostas solicita información sobre poesías, ditos e refráns sobre o outono ademais da recollida de produtos típicos desta estación.
- As plantas e a arte. Arcimboldo. Desde a biblioteca adquiríronse os fondos necesarios para traballar este autor e a nosa mascota propuxo unha caza do tesouro por todo o centro iniciándoa na biblioteca. Mediante un xogo de pistas que os nenos tiñan que descifrar foron atopando pezas dun gran crebacabezas que

formaban o cadro do autor titulado “O Outono”. Os alumnos do terceiro ciclo realizaron, empregando diferentes técnicas plásticas, versións dos cadros deste autor.

- Compartimos experiencias. Etwinning. Os alumnos de infantil comezan a súa andaina europea. Preséntanse aos colexios que participan no proxecto “Little farmers” (Grecia, Eslovaquia, Portugal, Romanía e España). Empezamos a preparar a caixa que enviamos a estes países. A nosa caixa levou os seguintes produtos: millo, fabas, pomelo, limón, laranxa, castañas, noces, marmeladas e xudías en conserva). A finalidade desta actividade era dar a coñecer os produtos típicos do noso contorno e coñecer produtos e tradicións doutros países.

Durante todo o curso foron chegando caixas dos países participantes no proxecto, fixemos un dicionario das especies traballadas, etiquetas en inglés e castelán, elaboramos un libro de receitas e por último tivemos unha videoconferencia para poñer cara aos nenos cos que nos relacionamos ao longo desta experiencia.

- Espiñeiriña reparte sementes a todos os ciclos. Cada ciclo recibiu un pequeno agasallo de Espiñeiriña. Dentro había unhas sementes misteriosas. Cada ciclo tiña a misión de investigar e experimentar con elas, plantalas e coidalas ata conseguir catalogalas. Cada ciclo preparou no seu corredor o seu viveiro de: leituga, pementos, chícharos, remolacha, calabacín, xudías, tomates e foron recollendo información que plasmaron nun mural para informarse así das características, necesidades e coidados que precisan as plantas como seres vivos. Unha vez que as nosas sementes se converteron en plantas, transplantámolas á nosa horta ecolóxica. Engadimos á nosa plantación outras especies que pola súa forma de cultivo non foi posible facelo dende a semente: amorodos e patacas. Para plantar as patacas contamos coa colaboración de toda a comunidade educativa (conserxe, persoal de limpeza, pais, nais, Concello, profesorado e alumnado). Ao longo de todo o curso, por quendas, os diferentes ciclos encargáronse do coidado da horta.

Esta actividade finalizou coa recollida e posterior degustación dos produtos da nosa horta.

Durante a investigación, os nosos alumnos visitaron as froiteirías da Praza de Abastos do noso Concello. Alí descubriron unha gran cantidade de vexetais e froitas, que sen ser típicos da nosa localidade, tivemos interese en probar. Para elo preparamos unha feira da froita na que os nosos alumnos con cartos ficticios mercaban a súa entrada e tiñan a posibilidade de degustar produtos exóticos. Unha vez realizada a actividade fixemos unha enquisa entre os alumnos sobre as froitas máis valoradas.

- O recuncho da ciencia: os alumnos de educación infantil fixeron diferentes experimentos con especies vexetais, entre eles destacan tinguir roupa con remolacha, cambiar a cor dunha flor con colorante alimenticio.
- Taller de reciclaxe. Os alumnos de infantil e 1º ciclo de primaria realizaron flores para decorar o corredor con botellas de plástico.
- Os Maíos. Unha característica fundamental do Maio no noso contorno é que se trata dun maio humano. Os nenos vístense con xestas e flores e cantan cancións. Este curso intercambiamos información con outro colexio da nosa provincia que tamén celebra Os Maíos pero doutro xeito. Finalmente, en colaboración co IES Audiovisuais-Vigo, gravamos nun estudo profesional a canción dos Maíos e a canción de Reis, tamén típica da nosa localidade.
- VOZ NATURA: Seguindo co proxecto do centro, este ano o centro de interese para este plan foron as plantas aromáticas. No seu desenvolvemento colaborou toda a comunidade educativa, os pais deseñaron un xardín na entrada principal do centro, unha vez delimitado o espazo, procedeuse á recollida de plantas por parte do alumnado, posterior plantación e recollida de información sobre os distintos usos. Para documentarnos

visitounos no centro Manuel Boubeta, que nos deu información sobre o período de plantación e recolección destas especies así como tamén os seus diferentes usos medicinais.

O noso colexio, representado pola ANPA, asistiu á festa final de curso VOZ NATURA e levaron información gráfica sobre o traballo desenvolvido neste proxecto.

5. RECURSOS UTILIZADOS E FONDOS CONSULTADAS

Para o desenvolvemento deste proxecto consultamos numerosas fontes e recursos: orais, escritos, dixitais, con fundamento científico ou de tradición popular.

- Libros da exposición permanente seleccionados dende o equipo da biblioteca e relacionados co proxecto.
- Páxinas web.
- Visitas para documentarnos:
 - o Lourizán (Centro de Investigación Agroforestal)
 - o Praza de Abastos do Concello de Cangas.
 - o Granxa Escola Kiriko.
 - o Allariz (Festival dos xardíns).
- Charlas informativas:
 - o Manuel Boubeta (charla sobre as plantas aromáticas).
 - o Profesorado do CEIP Sequelo (charla sobre Os Maios).

6. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO

A comunicación da escola co entorno foi fundamental para desenvolver o proxecto anual do centro. Como se puido comprobar en todas as actuacións levada a cabo ao longo deste proxecto, neste participou toda a comunidade educativa: profesores, alumnos, pais, nais, persoal non docente, persoal de limpeza, encargada do comedor e ANPA. Ademais, contamos coa colaboración doutras institucións externas como asociacións culturais do contorno, Concello, veciños e empresas privadas.

7. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Un dos obxectivos do noso proxecto era dar a coñecer a nosa gran riqueza botánica. Para conseguilo adoptamos as seguintes medidas:

- Colocamos uns paneis informativos ao carón de cada especie e un roteiro para percorrelas. A posibilidade de realizar este percorrido está aberta a toda a comunidade educativa e veciños que queiran realizalo.
- Os diferentes blogues do centro: biblioteca, equipo de dinamización da lingua galega, os blogues dos distintos ciclos, son tamén unha maneira de dar a coñecer a nosa investigación.
- O noso centro está aberto todas as tardes de luns a venres para todas as persoas que queiran visitar as nosas exposicións e a biblioteca.
- Revista escolar Orxás, que se envía, ademais de a toda a comunidade educativa, a todos os centros educativos do concello e resto da comarca.
- Radio: o noso director, en representación do centro, foi entrevistado por unha radio local, onde deu a coñecer o noso traballo en relación cos maios.

8. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS.

Tendo en conta que somos un colexio pequeno (70 alumnos e 12 profesores) que os recursos económicos e humanos son escasos estamos moi satisfeitos con todo o traballo que se levou a cabo ao longo de todo o curso. A implicación e coordinación entre os distintos equipos e o apoio por parte do equipo directivo foron imprescindibles para levar a cabo todas as actividades que se expuxeron ao longo deste traballo.

Grazas ao esforzo realizado por parte de toda a comunidade educativa, nos nosos alumnos espertouse o interese, o respecto e o coidado polo medio ambiente. Desenvolvéronse diferentes técnicas de traballo que lles serviron para coñecer aspectos importantes relacionados coas plantas. Aprenderon a traballar en equipo cunha metodoloxía baseada no construtivismo. Este proxecto serviunos, ademais, para recuperar antigas costumes propias da zona relacionadas coa agricultura.

9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO

No CEIP Espiñeira, a biblioteca é un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica e axúdanos a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural do centro e proporciona ao profesorado e ao alumnado a oportunidade para o uso de múltiples recursos que permiten unha aprendizaxe progresiva e significativa.

Dende a biblioteca iniciouse o proxecto anual de centro, foi o equipo de biblioteca o encargado de proporcionar recursos para a investigación e experimentación. Así mesmo, procurouse atender as demandas de fondos documentais solicitadas por alumnos e docentes para o desenvolvemento das distintas actividades do noso proxecto.